



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E TELEFÓNICA EDUCACIÓN DIGITAL PARA A PARTICIPACIÓN NO PROXECTO 'CREANDO CÓDIGO'

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Eu, como director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

DECLARO:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante, a Consellería) formalizou con Telefónica Educación Digital o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o 8 de febreiro de 2018 ata o 30 de setembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o recoñecemento por parte da Consellería da formación impartida por Telefónica Educación Digital, de acordo coas especificacións que se recollen na adenda a este convenio e na Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado. Esta formación pon a disposición do persoal docente contidos específicos en materia de tecnoloxía, programación e robótica para os ciclos de infantil, primaria e secundaria, dirixidos ao persoal docente e ao alumnado dos centros educativos públicos e concertados dependentes dela.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

No Estatuto de Autonomía de Galicia, que no seu artigo 31 atribúelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia plena da regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades. Ademais, mediante o RD 1763/1982, traspásanse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de ensino non universitario.





A Consellería, pola súa parte, está levando a cabo un conxunto importante de accións que pretenden fomentar e consolidar o uso das TIC na comunidade educativa.

Telefónica Educación Digital, empresa especializada en solucións de Formación online e Educación Dixital de ámbito Internacional, dentro do seu Plan para impulsar as competencias tecnolóxicas nas aulas e co obxecto de contribuír a un dos obxectivos marcados no Programa "Horizonte 2020" sobre o impulso das vocacións tecnolóxicas, vai levar a cabo un proxecto denominado "Creando Código" co obxecto de apoiar dunha maneira transversal a implantación da materia de Programación e Robótica en todas as etapas da educación obrigatoria e para o que lle ofrece á Consellería a súa participación nel.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e no poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alio á natureza estritamente convencional.

E para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimo xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras, asino dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura.

